



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 15)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e oito de abril de dous mil vinde e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño e o señor deputado don Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de abril de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓ NS DETERMINADAS NO LOTE 10 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. CONCELLOS DE CASTROVERDE E O CORGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes:

1.- Acordo da Xunta de Goberno do 28 de maio de 2021, relativo á adxudicación do Lote 10 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa VAZPER 3 S.L., con CSV: IV7EQUI3ZAJ5ZGHDSEAUETXFGE.

2. Formalización do contrato, datada o día 24 de xuño de 2021, CSV: IV7E4CZI3UXD6WODQZWRL7TTCQ.



3.- Escrito presentado o día 06 de marzo de 2023 (RXE nº 2021RPE003947) por D. Manuel Vázquez Pardo, en representación da mercantil Vazper 3 S.L. e D. José María Vázquez Piñeira, en nome propio, no que se interesa a cesión do lote 10 do contrato a favor de D. José María Vázquez Piñeira, con DNI N° ****6893**.

4.- Informe do Responsable do contrato do 07 de marzo de 2023, con CSV: IV7BEUH4Z4ULJ26KVUIU7YKBD4.

5.- Acordo da Xunta de Goberno do día 31 de marzo de 2023, polo que se autoriza a cesión do contrato das prestacións determinadas no lote 10 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais, a favor de D. José María Vázquez Piñeira, por importe de 42.860,71 €, condicionando a súa eficacia ao cumprimento dos seguintes requisitos:

Que o cesionario achegue escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

Que acheguen resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 1.771,10 €.

6.- Documentación presentada pola empresa o día 17 de abril de 2023 (expediente 2023/PES_03/007644).

7.- Garantía definitiva por importe de 1.771,10 €. (expediente administrativo 2023/XEN_01/001019).

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de goberno con data de 03 de setembro de 2021, dacordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3 , baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria de 17 de abril de 2023, no que aporta escritura de subrogación de contrato administrativo (escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia o 13 de abril de 2023, con número de protocolo 1374).

Garantía definitiva depositada polo cesionario (expediente administrativo 2023/XEN_01/001021).

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público, e respecto da garantía sinala a normativa que a mesma se constituirá so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada



polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP). Polo tanto establecece esta prevención co fin de que quede preservada a finalidade da mesma, que neste caso goza da anuencia da entidade cedente.

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data 31 de marzo de 2023.

Polo antedito, proponse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da intervención xeral, adopte o seguinte Acordo:

1º.- Dar por cumprimentados ós requisitos impostos con data 31 de marzo de 2023 na autorización da cesión das prestacións determinadas no lote 10 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais. Concellos de Castroverde e O Corgo.

2º.- Proceder á devolución da garantía depositada por Vazper 3 S.L. (Nº Operación: 320210007836, Nº de expediente: 21/PES/9281).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓ NS DETERMINADAS NO LOTE 15 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. CONCELLOS DE BECERREÁ E AS NOGAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes:

1.- Acordo da Xunta de Goberno do 28 de maio de 2021, relativo á adxudicación do Lote 15 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Contratas Ancar S.L., con CSV: IV7EQUI3ZAJ5ZGHDSEAUETXFGE.

2.- Formalización do contrato, datada o día 23 de xuño de 2021, CSV: IV7E4CZZJYG56S5IWFUEGACPME.

3.- Escrito presentado o día 19 de decembro de 2022 (RXE nº 2022RT017935) por D. Juan Carlos Alonso Fernández, en representación da mercantil Desbroces y Jardinería Ancares, S.L. e D. José Luis Bernal Suárez, actuando en nome da mercantil Contratas Ancar S.L., no que se interesa a cesión do lote 15 do contrato a favor de Desbroces y Jardinería Ancares S.L.

4.- Informe do Responsable do contrato do 28 de marzo de 2023, con CSV: IV7BHULM3A4TLG5S4UQBJ53G6E.



5.- Acordo da Xunta de Goberno do día 31 de marzo de 2023, polo que se autoriza a cesión do contrato das prestacións determinadas no lote 15 a favor de Desbroces y Jardinería Ancares, S.L., quedando pendente de executar a anualidade 2023 por importe de 35.103,31 € (IVE incluído), condicionando a súa eficacia ao cumprimento dos seguintes requisitos:

Que o cesionario achegue escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

Que acheguen resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 1.450,55 €.

6.- Documentación presentada pola empresa o día 17 de abril de 2023 (Expediente 2023/PES_03/007670)

7.- Garantía definitiva por importe de 1.450,55 €. (Expediente administrativo 2023/XEN_01/001019).

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de Goberno con data de 03 de setembro de 2021, dacordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3 , baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria de 17 de abril de 2023, no que aporta escritura de subrogación de contrato administrativo (escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia o 14 de abril de 2023, con número de protocolo 1423).

Garantía definitiva depositada polo cesionario (expediente administrativo 2023/XEN_01/001019).

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público, e respecto da garantía sinala a normativa que a mesma se constituirá so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP). Polo tanto establece esta prevención co fin de que quede preservada a finalidade da mesma, que neste caso goza da anuencia da entidade cedente.

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de



contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data 31 de marzo de 2023.

Polo antedito, proponse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da intervención xeral, adopte o seguinte Acordo:

1º.- Dar por cumprimentados ós requisitos impostos con data 31 de marzo de 2023 na autorización da cesión das prestacións determinadas no lote 15 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais. Concellos de Becerreá e As Nogais.

2º.- Proceder á devolución da garantía depositada por Contratas Ancar S.L. (Nº Operación: 320210007433, Nº de expediente: 21/PES/8546)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN RECURSO 71/2023, INTERPOSTO POR SALZILLO SEGURIDAD,

**SA E RECURSO 79/2023, INTERPOSTO POR ALCOR SEGURIDAD, SL FRONTE A
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SEGURIDADE E VIXIANCIA NAS DISTINTAS
DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación.

Informe- proposta.

Recurso nº: 71/2023 e 79/2023.

Emíttese informe-proposta a fin de remitir o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia en relación co referido recurso e ós seguintes:

Antecedentes de feito:

O día 30 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o expediente relativo á contratación do servizo de Seguridade e vixiancia nas distintas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación, así como o procedemento de adxudicación e o gasto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas celebráronse sesións das mesas de contratación, seguindo as actuacións previstas na lei e nos pregos, avaliando e clasificando as ofertas ate requirir ó licitador mellor clasificado a documentación nos termos do artigo 150 da LCSP e segundo a seguinte clasificación:

NÚMERO DE ORDE	LICITADOR	NOTAS
1	ILUNION SEGURIDAD S.A.	91,12
2	SALZILLO SEGURIDAD S.A.	82,77
3	CLECE SEGURIDAD	82,47
4	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A.	81,36
5	SASEGUR S.L.	79,50
6	ALCOR SEGURIDAD S.L.	76,00



Por resolución da Presidencia do 06 de febreiro de 2023, aprobouse a proposta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, se clasifica aos licitadores, e se require ao mellor clasificado a documentación á que fai referencia o artigo 150 da LCSP.

Salzillo Seguridad S.A. remitiu escrito o día 03 de febreiro de 2022 a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo e así mesmo presentou escrito a Central Sindical Obrera Independiente o día 15 de febreiro de 2023, realizando alegacións respecto do cumprimento da obriga de contar cun plan de igualdade por parte do licitador Ilunion.

A empresa Ilunion Seguridad S.A. presenta a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP, a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de febreiro de 2023.

A mesa de contratación reuniuse o día 17 de febreiro de 2023, concluíndo:

“O Presidente da conta dos escritos presentados pola mercantil Salzillo Seguridad S.A., con RXE: 2023RT001417 e pola central sindical CSOI, con RXE: 2023RPE002750, nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro polo que regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 731/2010, do 28 de maio sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Á vista dos escritos presentados, a mesa de contratación acorda – en aras de garantir o bo curso do procedemento e con independencia de que a inscrición no rexistro teña carácter declarativo ou constitutivo - requirir á empresa Ilunion Seguridad S.A. para que no prazo de cinco días hábiles remita acreditación documental sobre este extremo e/ou cantas alegacións mellor conveñan ao seu dereito.”

En execución do dito acordo requiriuse información a á empresa Ilunion Seguridad S.A. o día 27 de febreiro de 2023, a través da plataforma de contratación do sector público dando traslado á empresa dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independiente dito requirimento foi respostado o día 06 de marzo de 2023.

Reunida a Mesa de Contratación o día 21 de marzo de 2023, unha vez estudado o contido dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independiente - nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada - comprobadas as manifestacións realizadas empresa Ilunion Seguridad S.A., e atendendo ás resolucións máis recentes emitidas polos tribunais de contratación pública (por todas Resolución 44/2023, do TACGAL e Resolución 1664/2022 do TACRC), conclúe que a inscrición do plan de igualdade no referido rexistro non ten carácter constitutivo, o que non imposibilita continuar co procedemento de contratación.

Acto seguido procedeuse a examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, da oferta mais vantaxosa e por unanimidade, acordou propoñer a adxudicación a Xunta de Goberno, que resolveu a mesma con data 31 de marzo de 2023 a favor da empresa Ilunion Seguridad S.A.

Terceiro.-Frente dito acordo foron interpostos sendos recursos ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, que comunicou a esta Deputación de Lugo a interposición polas empresas Salzillo Seguridad, SA 71/2023 e Alcor Seguridad, SL 79/2023. O TACGAL reclamou o expediente administrativo, así como o informe ao que se refire o artigo 56 da LCSP.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable:

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso á Xunta de Goberno que ditou o acto impugnado.

Así mesmo, o presente se someterá ó conforme da Secretaría Xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



Consideracións.

A) Dende o punto de vista formal:

Consta a lexitimación do recorrente Salzillo como licitador no procedemento clasificado en segundo lugar así como a interposición en prazo do recurso considerando que a resolución de adxudicación foi publicada e notificada con data de 31 de marzo de 2023.

Non obstante, dacordo coa propia doutrina do TACGAL compre inadmitir o recurso presentado por Alcor Seguridad,SL, que resulta ser o último clasificado de entre os 6 licitadores presentados no procedemento.

O último clasificado de entre 6 carece de lexitimación ó teor do sinalado entre outras pola resolución 103/22 do TACGAL que sinala:

“Tal e como temos sinalado, a lexitimación para interpoñer o recurso especial en materia de contratación debe supoñer para o recorrente unha posible vantaxe ou evitar un prexuízo, o que non acontece no presente suposto. Por citar unha, na Resolución TACGal 38/2019 dixemos o seguinte ao respecto do necesario interese lexítimo que debe existir na interposición deste recurso especial: “Debemos partir do principio de que a lexitimación activa comporta que a anulación do acto impugnado produza de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) ou a evitación dun efecto negativo (prexuízo) actual ou futuro, pero certo. Supón, en definitiva, que a resolución administrativa impugnada poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na esfera xurídica de quen alega a súa lexitimación. Pois ben, como dixemos, segundo a acta da mesa de contratación de data 20.11.2018 que consta no expediente remitido a este Tribunal, a oferta da empresa recorrente foi clasificada en terceiro lugar no proceso de adxudicación.

Polo tanto, cabe concluír que ningún beneficio podería producir na súa esfera xurídica a eventual estimación deste recurso, referido unicamente á adxudicataria, posto que aínda nese suposto a empresa recorrente non acadaría tal condición de adxudicataria xa que sempre existiría antes a segunda clasificada, sobre a que non se pronuncia nin acciona no seu recurso. O artigo 48

da LCSP establece: “Poderá interpor o recurso especial en materia de contratación calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.

En consecuencia, debemos entender que o recorrente carece da debida lexitimación, polo que procede conforme ao sinalado no artigo 55.b) da LCSP a inadmisión deste recurso o que impide entrar a coñecer os motivos de fondo nos que se ampara o recurso interposto. No mesmo sentido que o aquí exposto, a Resolución 879/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, a Resolución 342/2018 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía ou a 288/2018 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid, por citar algunhas de data recente.”

No mesmo sentido a Resolución 92/2022 do OARC: “3) Este OARC / KEAO ha manifestado con anterioridad (ver, en este sentido, la Resolución 126/2020) que el concepto de “interés legítimo” exige que el acto impugnado pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial o futuro, en la correspondiente esfera jurídica del que recurre. Se trata de acreditar la titularidad potencial de una ventaja o de una utilidad jurídica por parte de quien ejerce la pretensión, no necesariamente de contenido patrimonial, que se materializaría de prosperar ésta. Ello significa que gozan de legitimación quienes, de prosperar su recurso, pueden obtener un beneficio tangible (ver, en este sentido la Resolución 92/2016).”

Non obstante, considerando que ambos recursos tratan sobre a mesma incidencia emítese un único informe con independencia da cuestión de admisibilidade sinalada respecto do recurso 79/2023.

B) Respecto do fondo.

Se ten acreditado no expediente que de conformidade coa letra d) do artigo 71 da LCSP, o licitador conta con dous plans de igualdade un da matriz Ilunión e así mesmo o con outro propio da adxudicataria Ilunion Seguridad. O plan de igualdade se atopa incorporado ó convenio colectivo publicado no BOE <https://www.boe.es/boe/dias/2021/09/01/pdfs/BOE-A-2021-14395.pdf> (capítulo



XVI) de tal xeito que obtén tanta ou maior publicidade que a que se derivaría da súa inscrición específica, sen prexuízo de que dita obriga ten alcance de natureza laboral excedendo as obrigas ás que se refire o artigo 71.1 d da LCSP que unicamente esixe que:

“La acreditación del cumplimiento de la cuota de reserva de puestos de trabajo del 2 por ciento para personas con discapacidad y de la obligación de contar con un plan de igualdad a que se refiere el primer párrafo de esta letra se hará mediante la presentación de la declaración responsable a que se refiere el artículo 140.”

Por tanto, a lei unicamente esixe contar con un plan de igualdade sen engadidos nin requisitos adicionais que se atopan fora da capacidade de control do órgano de contratación, cando debe decidir sobre a gravísima consecuencia de excluír ó licitador que formula a oferta máis vantaxosa, ante a eventual concorrencia dunha prohibición para contratar. Entendemos, dacordo co criterio da mesa de contratación, que neste caso non concorre tal prohibición ó satisfacerse a obriga legal de contar co dito plan.

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente, entendemos que procedería a íntegra desestimación do recurso dado que segundo se desprende das actas da mesa o alcance xurídico da inscrición dos plans de igualdade na concorrencia dunha prohibición para contratar foi estudiado á luz da doutrina dos tribunais de recursos resultando especialmente destacable a doutrina que incorpora a recente resolución 1529/2021 e 1664/2022 do TACRC:

“A la vista de lo expuesto, el recurso debe ser desestimado en este punto. Por un lado, pesa sobre la empresa la obligación de aprobar y aplicar un plan de igualdad y, por otro, la obligación de inscribir este plan. No obstante, los pliegos del contrato, que tienen fuerza de ley entre las partes contratantes y no han sido impugnados, así como el artículo 71.1.d) de la LCSP, se refieren únicamente a la obligación de contar con un plan de igualdad.

De ello se desprende que la obligación exigible a los licitadores, a efectos de resultar adjudicatarios, es contar efectivamente con el plan de igualdad requerido, y no que dicho plan esté inscrito en el registro correspondiente.

.....

En definitiva, la aportación del plan de igualdad determina que el adjudicatario posee las condiciones requeridas, no ha incurrido en falsedad en su declaración responsable y no se halla incurso en ninguna prohibición de contratar, por lo que el acto recurrido ha de ser confirmado.”

E a moi recente 44/2023, do TACGAL nun caso moi similar ó que nos ocupa, referida a existencia do plan de igualdade prorrogado como límite da prohibición para contratar:

“A maior abastanza, cómpre engadir que tal e como apunta o órgano de contratación no seu informe, o contar cun plan de igualdade non sería un requisito esixidos nos pregos senón que deriva das esixencias da lexislación laboral; que segundo o informe a este recurso a empresa si contaría cun plan de igualdade -prorrogado mais aínda en vigor segundo o seu propio clausulado- e está en proceso de tramitación dun novo, -a este respecto o informe do órgano de contratación ao recurso: “este mesmo respecto, Grupo Control tamén presenta unha declaración responsable na que sinala que ‘la empresa viene aplicando de forma efectiva las medidas implantadas en nuestro II Plan de Igualdad, el cual se encuentra registrado y vigente por prórroga, según la cláusula expresa prevista en el mismo (...)’- o que de novo nos coloca en sede de legalidade ordinaria, sendo cuestións todas estas das que nada se di no escrito de recurso, pero que evidencian que non se reduce á mera ausencia dun plan de igualdade aos traballadores da empresa adxudicataria, pois lembremos que se nos sinala que determinado plan se atopa prorrogado e polo tanto en aplicación, senón se as vicisitudes expostas supoñen que a empresa estea ou non incurso nunha prohibición de contratar....”

Como se pode apreciar o tribunal distingue a obriga de natureza laboral de aquela que corresponde ó licitador a teor do disposto no artigo 71 da LCSP, acreditando non atoparse incurso en prohibición de contratar strictu sensu e segundo a literalidade do precepto, e por tanto para poder entender que a súa declaración responsable se axusta á realidade de contar con dito plan de igualdade.

No mesmo sentido se pronuncia o acordo 125/2022, de 23 de decembro, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón cando sinala:



“Y es que para poder concluir si puede considerarse que la empresa tiene el plan de igualdad tal y como exige la normativa laboral, se tendría que ahondar en una materia que- se insiste- excede del ámbito que acaba de definirse en el meritado Acuerdo 14/2021, que es el que incumbe a este Tribunal administrativo y que no puede resolverse con la aplicación de la normativa en materia de contratación pública, de modo que le está vedado a este Tribunal administrativo su resolución, por lo que procede declarar la inadmisión de esta pretensión del recurso, por no ser de competencia de este Tribunal, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 21.1.a) de la LMMCSA y artículo 55.a) de la LCSP”

En conclusión se le resta todo carácter substantivo a dita inscripción, respecto do cumprimento dos requisitos de natureza contractual que permiten a Ilunión Seguridade alcanzar a condición de adxudicatario por ter realizado a oferta economicamente mais vantaxosa, debendo distinguir este control obrigado polo artigo 71.1 d da LCSP da interpretación de aquelas outras circunstancias da actividade empresarial que se refiran a requisitos cuxo control corresponde a autoridade laboral.

Compre recordar así mesmo, que a interpretación da concorrencia das prohibicións de contratar debe facerse de xeito restritivo e en todo caso non analóxico evitando interpretacións da norma que en contra do principio de concorrencia transparencia e igualdade de trato incorporen engadidos non previstos no seu articulado, neste sentido TACP de la Comunidade de Madrid na súa Resolución 21/2021:

“Toda vez que, en caso de que se den las circunstancias previstas en el citado artículo la sanción que se deriva para las empresas es gravísima, imposibilitando a los licitadores en los que concurran contratar con el sector público. Se trata por ello de una enumeración o catálogo de prohibiciones con un carácter tasado, que no son susceptibles de ampliación con carácter interpretativo por tener un carácter eminentemente sancionador y, por tanto, solo susceptibles de interpretación restrictiva, por evidentes razones de seguridad jurídica.

El incumplimiento de la obligación de contar con un plan de igualdad para las empresas de 250 trabajadores o menos no está expresamente prevista en la LCSP como prohibición de contratar, por lo que este Tribunal considera que no cabría efectuar una interpretación extensiva de dicha prohibición, en virtud del principio general de interpretación restrictiva de las normas limitadoras

de derechos y de las sancionadoras, sin perjuicio de las consecuencias que se deban derivar, para el caso de que se produzca el incumplimiento de la citada obligación, en virtud de la normativa administrativa específica que la regula.”

Non existe tampouco extemporaneidade, que impida a aclaración nos termos requiridos pola mesa de contratación coa presentación dun certificado asinado pola comisión negociadora, en data determinada, que da fe dunha situación previa e plenamente adaptada a legalidade como é a existencia e vixencia dun plan de igualdade e a negociación colectiva das súas adaptacións, necesaria dentro da vixencia outorgada pola súa prórroga. Recordemos así mesmo que a presentación de dito documento se produce á requirimento do propio órgano de contratación por tanto figurando data coherente con este.

Por tanto, considerando a documentación obrante no expediente e os pronunciamentos citados, proponse á Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1º.- Que procedería Inadmitir o recurso 79/2023 interposto por Alcor Seguridad por carecer o licitador de lexitimación de conformidade co razoado no presente informe dado que resultou o último clasificado de entre os 6 licitadores presentados.

2º.- Que procedería a desestimación do recurso 71/2023 interposto polo licitador Salzillo Seguridad, toda vez que o licitador adxudicatario ten acreditado os requisitos establecidos no artigo 150 e así mesmo pola non concurrencia de prohibicións nos termos previstos no artigo 71.

3º.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TACGAL, xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN RELATIVO AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE



CONTRATACIÓN RECURSO 78/2023 INTEPOSTO POR SEGURSYSTEM EUROPA, SLU CONTRA ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE VÍDEO VIXIANCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Recurso especial en materia de contratación.

Informe- proposta.

Recurso nº: 78/2023.

Emítase informe-proposta a fin de remitir o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia en relación co referido recurso e ós seguintes:

Antecedentes de feito:

O día 2 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o expediente relativo á contratación do servizo de vídeo vixilancia da Deputación Provincial de Lugo, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reitores da contratación, así como o procedemento de adxudicación e o gasto.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas celebráronse sesións das mesas de contratación, seguindo as actuacións previstas na lei e nos pregos , avaliando e clasificando as ofertas ate requerir ó licitador mellor clasificado a documentación nos termos do artigo 150 da LCSP e segundo a seguinte clasificación .

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	90,57 puntos
2	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.	77,00 puntos

Por resolución da Presidencia do 02 de febreiro de 2023, aprobouse a proposta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, se clasifica aos licitadores, e se require ao mellor clasificado a documentación á que fai referencia o artigo 150 da LCSP.

Segurssystem Europa S.L remitiu escrito o día 08 de febreiro no que cuestionaba a capacidade do licitador requirido para executar o contrato por falta de habilitación profesional. A mesa de contratación reuniuse o día 17 de febreiro de 2023, concluíndo:

“O Presidente da conta aos asistentes de que a empresa clasificada en segundo lugar - Segurssystem Europa S.L – presentou escrito con RXE nº: 2023RT001701, instando ao órgano de contratación a que proceda, segundo o establecido no artigo 150.2 da LCSP, a entender retirada a proposta da oferta presentada pola mercantil Bastet Seguridad Tecnológica S.L., por carecer de capacidade para participar no procedemento.

A mesa de contratación, en aras de preservar a garantía plena dos dereitos dos licitadores, acorda dar traslado á empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L. do escrito presentado, co obxecto de que no prazo de cinco días hábiles formule cantas alegacións considere pertinentes.”

En execución do dito acordo requiriuse información a á empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L dándolle traslado da documentación presentada pola recorrente, dito requirimento foi respostado o día 02 de marzo de 2023 no que Segurssystem aportou outra documentación no mesmo sentido que a remitida no seu escrito de 8 de febreiro.

Reunida a mesa de contratación o día 21 de marzo de 2023 e unha vez estudado o contido dos escritos presentados pola empresa Segurssystem Europa S.L., comprobadas as manifestacións realizadas pola empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L., e atendendo ás resolucións dos tribunais de contratación pública (por todas Resolución nº 1661/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 29 de decembro de 2022), concluíu que “é acorde á normativa en vigor a contratación con empresas so parcialmente autorizadas sempre que conste o compromiso de subcontratar a prestación da actividade non autorizada cunha empresa que posúa a pertinente habilitación”.



Acto seguido procedeuse a examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, da oferta mais vantaxosa e por unanimidade, acordou propoñer a adxudicación a Xunta de Goberno, que resolveu a mesma con data 30 de marzo de 2023 a favor da empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L.

Terceiro.- Fronte dito acordo formulouse recurso ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, que comunicou a esta Deputación de Lugo a interposición pola empresa Segursystem Europa 78/2023 O TACGAL reclamou o expediente administrativo, así como o informe ao que se refire o artigo 56 da LCSP.

Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

Lexislación aplicable:

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.

Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso á Xunta de Goberno que dictou o acto impugnado.

Así mesmo, o presente se someterá ó conforme da Secretaría Xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións.

A) Dende o punto de vista formal:

Consta a lexitimación do recorrente Segursystem como licitador no procedemento clasificado en segundo lugar así como a interposición en prazo do recurso considerando que a resolución de adxudicación foi publicada e notificada con data de 31 de marzo de 2023.

B) Respecto do fondo.

Se ten acreditado no expediente que de conformidade cos pregos o licitador realizará a prestacións por si ou a través do mecanismo de subcontrata estando expresamente prevista dita posibilidade no PCAP nos seguintes termos:

“Poderá subcontratarse a C.R.A. e o servizo de acuda, o resto das prestacións deberán de realizarse polo persoal propio da empresa adxudicataria.”

Como é sabido os pregos reitores son a verdadeira lex contractus do procedemento que vincula tanto ós licitadores como a administración así e por todas a Resolución nº. 219/2016 del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.

O contratista Bastet , fai uso desta posibilidade e incorpora a súa vontade de subcontratar na declaración responsable formulada no Anexo II da súa oferta:

“4.- Declara que ten previsto subcontratar os servicios de Central Receptora de Alarma e acuda.”

Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente, entendemos que procedería a integra desestimación do recurso dado que segundo se desprende das actas da mesa a decisión do órgano de asistencia, non solo se basea na posibilidade habilitada pola norma reitora do procedemento, senón que así mesmo ten o seu fundamento en resolucións ditadas polos tribunais de recursos administrativos sobre supostos análogos coincidindo incluso nalgún deles que o recorrente era Segursystem que veu desestimada a súa pretensión.



Así en orde cronolóxico, partindo da análise do mesmo precepto a mesma problemática e a mesma norma 9/2017, e con cita de outras Resolucións resulta plenamente aplicable o disposto na RES nº 569/2018 do TACRC:

“Los anteriores preceptos avalan una interpretación favorable a la efectuada por el órgano de contratación en el sentido de que es plenamente ajustado a la normativa en vigor con relación a la contratación de servicios de vigilancia privada, el realizarla con una empresa habilitada como tal aun cuando no tenga la autorización específica para alguna de las actividades incluidas en la prestación siempre que estas se desarrollen por una empresa subcontratada que sí cuente con ella.

Resulta así que ni la Ley ni el Reglamento prohíben la contratación de actividades que no se pueden prestar por no contar con autorización para ello, sino más exactamente prestar la actividad en sí, razón por la cual debemos concluir que es acorde a la normativa en vigor la contratación con empresas sólo parcialmente autorizadas siempre que conste el compromiso de subcontratar la prestación de la actividad no autorizada con una empresa que posea la pertinente habilitación. Puesto que tal es el caso presente, debemos concluir que procede también en este punto desestimar el recurso. >>”.

Siendo el asunto de autos idéntico al aquí tratado, debe aplicarse igual criterio y permitir que las empresas puedan subcontratar el servicio de explotación de Centrales receptoras de Alarmas.....”.

Na Resolución nº 507/2019 se declara non conforme a dereito impedir satisfacer o requisito da habilitación profesional mediante a subcontratación con terceiro habilitado:

“Frente a lo alegado por el órgano de contratación, lo cierto es que ya ha quedado explicado previamente que la habilitación profesional puede acreditarse a través del subcontratista, si bien en el presente caso no se ha realizado de manera adecuada. Se observa que la mercantil recurrente aportó certificación acreditativa de tal habilitación profesional, siendo así necesario que por parte del órgano de contratación se requiera a aquella para que subsane el error observado (falta de declaración de la misma), toda vez que no se observó error ni se otorgó trámite de subsanación, por cierto, al tiempo de presentarse la declaración responsable que no vino acompañada de la correspondiente a la subcontratista. En consecuencia, el órgano de contratación debió haber

otorgado plazo de subsanación a la recurrente, permitiéndole aportar la declaración de la entidad subcontratista y acreditar por dicha vía la subcontratación.”

E citando a res. 114/2013: “Resulta así que ni la Ley ni el Reglamento prohíben la contratación de actividades que no se pueden prestar por no contar con autorización para ello, sino más exactamente prestar la actividad en sí, razón por la cual debemos concluir que es acorde a la normativa en vigor la contratación con empresas sólo parcialmente autorizadas siempre que conste el compromiso de subcontratar la prestación de la actividad no autorizada con una empresa que posea la pertinente habilitación. Puesto que tal es el caso presente, debemos concluir que procede también en este punto desestimar el recurso.”

Resulta de especial mención a Resolución nº 1661/2022 na que Segursystem é recurrente e desestiman o seu recurso , ante a mesma problemática por idénticas razóns, polo que compre destacar o seguinte contido da dita resolución coñecida pola recurrente:

“Esta cuestión ha sido resuelta por este Tribunal en Resolución 26/2016, de 15 de enero (posteriormente invocada, entre otras, por las Resoluciones 334/2017 de 6 de abril, 569/2018 de 12 de junio o 1792/2021 de 10 de diciembre).....

.....

Sentado lo anterior, la cuestión a debatir es si una empresa de seguridad privada, debidamente autorizada e inscrita en el Registro antes mencionado, pero cuya autorización no comprende alguna de las prestaciones y actividades contempladas en los artículos 5 de la Ley y 1 del Reglamento, puede comprometerse ante una Entidad Pública a la prestación del servicio para el que no está autorizada, haciéndolo a través de una empresa subcontratada.

Para ello hemos de examinar dos cuestiones: En primer lugar, si de los preceptos reguladores de la materia deriva la existencia de una prohibición expresa de contratar en tales términos y, en segundo, si, en caso contrario, es posible inferirla del contenido de sus preceptos.

Con respecto de la primera cuestión debemos indicar que el análisis de los preceptos de Ley y Reglamento deben llevarnos a la conclusión de que no existe una prohibición expresa al respecto,.....

.....



Por otra parte, y en lo que se refiere a la sanción aplicable a la contratación o utilización de empresas carentes de la habilitación específica tampoco es de aplicación por las mismas razones anteriores, es decir que la contratación de los servicios de la Central receptora de Alarmas se lleva a efecto de modo indirecto con una empresa autorizada e identificada previamente a la adjudicación del contrato. Las anteriores afirmaciones deben considerarse corroboradas por el hecho de que ningún precepto de la Ley o del Reglamento permite inferir por vía de interpretación lógica, la conclusión de que no es posible celebrar el negocio jurídico en que consiste el contrato que da pie al presente recurso. Muy al contrario, el artículo 14.3 del Reglamento al establecer el requisito de identidad de dedicación establece una excepción al mismo consistente, por cierto, en la posibilidad de subcontratar. Dice tal precepto: “Los servicios y actividades de seguridad deberán ser realizados directamente por el personal de la empresa contratada para su prestación, no pudiendo ésta subcontratarlos con terceros, salvo que lo haga con empresas inscritas en los correspondientes Registros y autorizadas para la prestación de los servicios o actividades objeto de subcontratación, y se cumplan los mismos requisitos y procedimientos prevenidos en este Reglamento para la contratación.”.

.....

En el DEUC presentado por Salzillo Seguridad, S.A para participar en el procedimiento de contratación que ahora nos ocupa manifiesta que tiene la intención de subcontratar con “Vigilant Conexión A CRA” y adjunta DEUC de la empresa Vigilant S.A. tal y como consta en el expediente de contratación.

Lo que en este caso se plantea no es un supuesto de integración de la solvencia con medios externos, sino un supuesto de subcontratación. La adjudicataria reúne los requisitos de capacidad y solvencia previstos en el PCAP, sin perjuicio de lo cual propone al órgano de contratación, según hemos visto, la subcontratación de algunas de las prestaciones que conforman el objeto del contrato.

Entendemos, en consecuencia, que no existe vulneración del pliego y la adjudicación es, en los términos del recurso, ajustada a Derecho.”

Consideramos así mesmo que a pretensión da recorrente resulta contraria o dereito comunitario, por todas a STJUE 27 de novembro de 2019 C-402/18 cando sinala que non resulta axustado a dereito comunitario a limitación xenérica da subcontratación:

“Habida cuenta de las consideraciones expuestas, procede responder a la primera parte de la cuestión planteada que la Directiva 2004/18 debe interpretarse en el sentido de que se opone a una normativa nacional, como la controvertida en el litigio principal, que limita al 30 % la parte del contrato que el licitador puede subcontratar a terceros.”

Visto o anterior non pode sosterse a limitación da subcontratación de tarefas non declaradas críticas de xeito motivado e xustificado no expediente,, tal e como prescribe o artigo 215.2 e):

“e) De conformidad con lo establecido en el apartado 4 del artículo 75, en los contratos de obras, los contratos de servicios o los servicios o trabajos de colocación o instalación en el contexto de un contrato de suministro, los órganos de contratación podrán establecer en los pliegos que determinadas tareas críticas no puedan ser objeto de subcontratación, debiendo ser estas ejecutadas directamente por el contratista principal. La determinación de las tareas críticas deberá ser objeto de justificación en el expediente de contratación”.

Sensu contrario fora destes supostos a subcontratación resulta posible.

Pode afirmarse así mesmo que se cumpre o requisito de inscrición e habilitación da empresa subcontratada e plenamente identificada polo contratista no trámite conferido ó efecto:

Primerco:
Que RECITECNIC SEGURIDAD S.A. está inscrita en el Registro de Empresas de Seguridad del Ministerio del Interior, (Dirección General de la Policía y de la Guardia Civil) con el número 3705 de fecha 05 de Mayo de 2010 para la actividad de EXPLOTACIÓN DE CENTRALES RECEPTORAS DE ALARMAS, instalación y mantenimiento de aparatos, dispositivos y sistemas de seguridad conectados a centrales de alarmas. ÁMBITO ACTUACIÓN TERRITORIAL ESTATAL.

Segundo :
4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7OQALZJYJ5TLE2YXVQEYLONY.

5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza, con un orzamento total de 339.910,73 euros, do seguinte contido:

“Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Primitivo Iglesias Sierra, que actúa en nome e representación do concello de A Pastoriza, con C.I.F. P-2704400G e sé social en Praza de Galicia – A Pastoriza- , de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Alcalde.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Expoñen.

Primeiro.- Segundo o artigo 36 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, son competencias das Deputacións Provinciais, “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da



soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión ...”..

De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Locais de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Neste mesmo senso se pronuncia a lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, engadindo no seu artigo 118 que “compete ás Deputacións provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.”

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Segundo.- O concello de A Pastoriza, de acordo co artigo 25 da lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, e consonte a este precepto, o municipio exercerá en todo caso competencias propias, nos termos de lexislación do Estado e das

Comunidades Autónomas, entre outras en materias como urbanismo, medio ambiente urbano, abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, limpeza viaria, saneamento, acceso a núcleos, pavimentación de vías, (...)”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O concello de A Pastoriza, é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procurar unha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Terceiro:- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio. Ademais, tendo en conta a regulación recollida no artigo 3.3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, o obxecto deste convenio encaixa dentro daqueles supostos que non se consideran como o exercicio de novas competencias, resultando de aplicación os mecanismos bilaterais de colaboración consonte aos artigos 193.4 e 200 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Cuarto.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa



administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Quinto.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro. Agora ben, as normas do capítulo VI (sobre convenios) non se aplica as encomendas de xestión e aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Sétimo.- A relación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)

“lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Oitavo.- A Deputación de Lugo e o concello de A Pastoriza exercen competencias compartidas en materia de infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade, tratamento de augas residuais (é imperativo da lexislación de réxime local e da sectorial de estradas), respecto aos concellos como competencias propias e a Deputación na súa atribución de cooperación e asistencia técnica, económica e xurídica; e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

En canto a dotación de servizos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, para dar cumprimento á aspiración de mellora das infraestruturas viais, mobilidade e mesmo medio ambiente urbano, e enmarcase no desenvolvemento das potestades de auto organización e sistemas de cooperación horizontal, configúrase como unha acción pública colaborativa, institucionalizada mediante convenio.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo, de conformidade coas seguintes:



Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de A Pastoriza e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de: mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza.

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizaros seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
MELLORA DE SERVIZOS NÚCLEO URBANO A PASTORIZA	339.910,73€	--
TOTAL	339.910,73€	

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación, sendo tamén quen redacta o proxecto de execución do investimento.

O Concello aportará tódolos permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución, comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza que proceda /destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento dos investimentos que son obxecto do presente convenio correspóndese coa provincia de Lugo; e, concretamente, no termino municipal de A Pastoriza.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1) Ao financiamento dos investimentos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, con un total de 339.910,73€ con cargo ao orzamento do 2023.

2) Actuar como órgano de contratación, e executar as actuacións obxecto deste Convenio, de acordo co proxecto redactado polo Servizo de Vías e Obras, con medios propios non personificados e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP, conforme aos prazos establecidos no proxecto, incluída a recepción das obras nos termos legalmente establecidos.

3) Asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións obxecto deste Convenio polo Servizo de Vías e Obras.

4) Remitir ao concello de A Pastoriza comunicación da recepción das obras, ao efecto da entrega das mesmas, para a súa posta en funcionamento, e adecuado mantemento.

5) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables

3.2. Concello de A Pastoriza.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo, o Concello de A Pastoriza comprométese ao seguinte:

a) Aportar os permisos e autorizacións que sexan obrigatorias, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal sen custe para a Deputación.

b) Asumir a titularidade dos resultados obtidos, unha vez entregados pola Deputación Provincial, adicalos ao uso e fin público e consérvalos e mantelos, segundo a finalidade.

c) Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos, e en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto de lograr o fin do presente convenio.

d) Asumir as responsabilidades que puideran ser derivadas de incumprimentos das obrigas do concello.

e) Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados.

A. Achegas.

1. Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará a achega total prevista na cláusula primeira para que o concello de A Pastoriza, poda afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo co desglose por actuacións que figura na indicada cláusula.



O importe total a achegar pola Deputación de Lugo será con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo que se indican:

Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
MELLORA DE SERVIZOS NÚCLEO URBANO A PASTORIZA	339.910,73€	4530.619

2. Achega do Concello:

O Concello de A Pastoriza aportará os permisos e autorizacións necesarias para executar e poñer en funcionamento a actuación obxecto do presente convenio.

3. Titularidade dos resultados:

O Concello de A Pastoriza, será titular do resultado da cooperación: mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza unha vez entregadas as obras pola Deputación Provincial, coa obriga de apertura e dedicación ao fin e uso público que lle son propios, conservación e mantemento

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das certificacións de obra e facturas e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobadas na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O incumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015.

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o que o sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.



Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, o concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas. De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego.

O concello autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de colaboradora.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a colaboración de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel de obra no investimento.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigos 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- Carácter do convenio interadministrativo.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 7 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que, como secretario dou fe.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 339.910,73 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Pol (EXP- 2023/PES_03/007432) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na



adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023 por importe total de 386.693,97 € (dos que 309.355,18 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 77.338,79 € serán financiados polo Concello de Pol), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no

artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.



Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou

mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.



Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da

Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Pol ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2.da LRBRL, nas seguintes materias: Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade e promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).



Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 309.355,18 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos” ano 2023, por importe total de 386.693,97 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol para cooperar na “Mellora de distintos accesos a núcleos do Concello de Pol, en distintas actuacións nas gradas do campo de fútbol de Mosteiro, na adquisición de maquinaria de xardinería e nos honorarios técnicos”ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Lino Rodríguez Ónega, que actúa en nome e representación do Concello de Pol, con N.I.F P-2704600B, con sede na Praza de Galicia, 1 Mosteiro, 27270, Pol, actuando en



nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.



Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Sexto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, establécense no artigo 48 e o contido dos convenios no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. As normas deste capítulo VI da LRXSP, sobre convenios, non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos.

Sétimo.- A cooperación coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo o art. 3.1.k da citada LRXSP que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Oitavo.- O Concello de Ribadeo, de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, o 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recollen as competencias que lle corresponden en materia de patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e ás entidades locais.

Noveno.- A Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo exercen competencias, consonte ao establecido na normativa de réxime local e na normativa sectorial que lle resulta de aplicación e teñen a posibilidade legal de subscribir este convenio para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente (artigo 30 do TRLRL, entre outros).

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, e ademais, encádrase no deber de colaboración xenérico e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada nos artigos 36 da LBRL, 141 da LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de cooperar no “Arranxo do Forte de San Damián” nas anualidades 2023 e 2024.

Para realizar dita actividade e acadar dito fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a realizar o seguinte gasto:

ACTUACIÓN	CUSTO TOTAL
Arranxo do Forte de San Damián	149.995,85 €

Para alcanzar o obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas:



ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2023	60.000,00 €	0,00 €	60.000,00 €
2024	89.995,85 €	0,00 €	89.995,85 €
TOTAL	149.995,85 €	0,00 €	149.995,85 €

O investimento prográmase como un gasto plurianual e, polo tanto, o financiamento da anualidade 2024 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións obríganse a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio se refire á provincia de Lugo, e concretamente á comarca da Mariña Oriental, na que está incluída o termo municipal de Ribadeo.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Ao financiamento da actuación obxecto deste convenio no referente á cooperación nos gastos de “Arranxo do Forte de San Damián” nas anualidades 2023 e 2024, polo importe máximo indicado na cláusula cuarta, cun total de 149.995,85€, dos cales 60.000,00€ con cargo ao orzamento do 2023 e 89.995,85€ con cargo á anualidade 2024, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. En caso de producirse baixas na licitación ou execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude do Concello de Ribadeo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que

deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. O Concello de Ribadeo:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Ribadeo comprométese ao seguinte:

1. Licitar os investimentos con suxeición ao establecido na LCSP, como órgano de contratación ou, de ser o caso, a súa execución a través de medios propios non personificados, conforme ao artigo 30 da LCSP.

2. Achegar os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución dos investimentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas.

3. Aportar para a execución do convenio o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido na actuación proposta.

4. Os prazos inicialmente previstos de execución son: o 31 de decembro de 2023 para anualidade 2023 e o 31 de decembro de 2024 para a anualidade 2024. Estes prazos de execución poden ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

5. Asumir a titularidade dos resultados obtidos, dedicalos ao uso e fin público e onsévalos e mantelos, segundo a finalidade destes.

6. Aportar os terreos precisos, tramitar, obter e sufragar as autorizacións, licenzas e permisos que sexan necesarias para a execución das actuacións indicadas, así como outorgar as autorizacións e licenzas que sexan de competencia municipal.

7. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación de Lugo.

8. Convidar á representación institucional da Deputación aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

9. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel, pegatinas, dixital ou outros) que lle será facilitado polo Gabinete de comunicación desta Deputación.

Cuarta.- Réxime económico.



A) Achegas.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 149.995,85 €, co desglose: 60.000,00 € en 2023 e 89.995,85 € en 2024, para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación e co desglose en anualidades que figura nas cláusulas primeira e terceira, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo das anualidades 2023 e 2024. Tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, o financiamento da anualidade 2024 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Concello de Ribadeo financiará o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O Concello de Ribadeo será o titular do resultado da cooperación concretada no Arranxo do Forte de San Damián.

C) Xustificación da achega económica.

Os prazos inicialmente previstos para que o concello de Ribadeo aporte as contas xustificativas dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarcan inicialmente ata o 31 de marzo de 2024 para a anualidade 2023, e o 31 de marzo de 2025 para a anualidade 2024. Estes prazos de xustificación poden ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo. As contas xustificativas a aportar deben ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e a data de pago.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción; ou acta de recoñecemento e comprobación, no caso de que a obra sexa de execución directa das prestacións a través de medios propios non personificados, consonte ao previsto no artigo 30 da LCSP (a aportar coa xustificación da anualidade 2024).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable de que o Concello de Ribadeo conta cos permisos necesarios para realizar a actuación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Ribadeo non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que o Concello de Ribadeo poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable de que o Concello de Ribadeo asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Xustificante (fotografías) da difusión da cooperación interadministrativa no formato (cartel, pegatina, ou similar) segundo modelo facilitado polo Gabinete de comunicación, debidamente cuberto onde se poida comprobar a súa colocación na obra ou investimento.

Unha vez aprobadas as contas xustificativas polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.



A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación das contas xustificativas e os seus pagamentos, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, debendo estar aprobada a conta xustificativa da anualidade 2023 na data límite do 31 de decembro de 2024 e pagada o 31 de xaneiro de 2025, e a conta xustificativa da anualidade 2024, aprobada na data límite do 31 de decembro de 2025 e pagada o 31 de xaneiro 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control, establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan

xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello de Ribadeo incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o Concello de Ribadeo deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.



Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido, a través do cartel no investimento.

A Deputación e o Concello comprométense a cumprir coas determinacións dos artigo 53 da Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Décima.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamiento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 en relación co artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, (...) as Entidades locais (...).

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de

execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

As partes comprométense a resolver de xeito amistoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 15-10-2019
A VICEPRESIDENTA,
Asdo.: Tareixa Antía Ferreiro Tallón

O ALCALDE DE RIBADEO,
Asdo: Fernando Suárez Barcia

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto plurianual de 149.995,85 €, que se distribúe en: 60.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, así como 89.995,85 € con cargo á mesma aplicación orzamentaria do orzamento para o ano 2024, co compromiso de incluír nos orzamentos de 2024 o importe de 89.995,85 €, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a favor do Concello de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados do “Arranxo do Forte de San Damián”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2023.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 255.000,00 € (douscentos cincuenta e cinco mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACÍONS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo na anualidade 2023.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 125.000,00 € (cento vintecinco mil euros)

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa para esta anualidade 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO



**DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES
PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO
PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA
ANUALIDADE 2022.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022:

1. Este procedemento de concorrencia competitiva tramítase de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de abril de 2022.

2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 17 de xuño de 2022, acordou aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións da referida convocatoria, así como a desestimación provisional das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes. Esta resolución foi publicada no BOP de Lugo nº 142 do 22 de xuño de 2022.

3. Finalizado o trámite de audiencia (dez días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP) sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional tivo carácter definitivo e publicouse na páxina web da Deputación de Lugo no BOP nº 162 do 16 de xullo de 2022 para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4. Os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Deputación Provincial de Lugo a súa renuncia á subvención concedida na referida convocatoria:

Liña 10.2 Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2022/CCP_01/000529	ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO VIVO E INTEGRADO DE CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA	G27495639	AGRICULTURA E GANDERÍA DO FUTURO: ¿CON QUE ENERXÍA?	2.405,92 €
2022/CCP_01/000533	ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA LECER DE GAMELLE	G67847327	RESTAURACIÓN DA FONTE E DO ENTORNO DE GAMELLE EN CIRIO POL	2.405,92 €
2022/CCP_01/000546	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA	G15044811	APROXIMACIÓN AO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DOS VALADOS NA PAISAXE DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO	4.330,64 €

Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2022/CCP_01/000538	ASOCIACIÓN CULTURAL PATRIMONIO DOS ANCARES EN CONSTITUCIÓN	G27484807	LIBRO SOBRE TOPONIMIA DA RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES	2.492,00 €

5. O Servizo de Medio Ambiente emitiu o día 21 de abril de 2023 un informe ao respecto.

Por todo o exposto,

Propoño,

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renuncias:

Liña 10.2 Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2022/CCP_01/000529	ASOCIACIÓN AMIGOS DO MUSEO VIVO E INTEGRADO DE CAMPO E DA LOCOMOCIÓN AGRARIA	G27495639	AGRICULTURA E GANDERÍA DO FUTURO: ¿CON QUE ENERXÍA?	2.405,92 €
2022/CCP_01/000533	ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA LECER DE GAMELLE	G67847327	RESTAURACIÓN DA FONTE E DO ENTORNO DE GAMELLE EN CIRIO POL	2.405,92 €
2022/CCP_01/000546	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA	G15044811	APROXIMACIÓN AO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DOS VALADOS NA PAISAXE DA RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO	4.330,64 €



Liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2022/CCP_01/000538	ASOCIACIÓN CULTURAL PATRIMONIO DOS ANCARES EN CONSTITUCIÓN	G27484807	LIBRO SOBRE TOPONIMIA DA RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES	2.492,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 052 do 05 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CIRCULO DE LAS ARTES	OPEN SAN FROILAN DE BILLAR A TRES BANDAS	528,00 €

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL, DUN AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que a Dirección Provincial de Lugo do Instituto Nacional da Seguridade Social, en escrito de data 18 de abril de 2023 comunica que lle foi recoñecida a D. Ángel Patricio Rodríguez Argibay unha Incapacidade Permanente no Grao de Total, con efectos económicos do día 12 de abril de 2023.

Tendo en D. Ángel Patricio Rodríguez Argibay, Auxiliar de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Considerando que o artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, establece literalmente:

Infórmase, a efectos de reserva de posto de traballo, que se procederá a instar o procedemento de revisión previsible por previsible melloría que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, de acordo disposto no artigo 48.2 Estatuto dos Traballadores”.

A referencia feita pola Resolución do INSS ao disposto no artigo 48.2 do ET non resulta directamente aplicable a este suposto por canto o vínculo xurídico que regula a relación deste funcionario coa entidade é de natureza administrativa polo que, en consecuencia, deberase entender que, se como consecuencia da dita revisión, si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apto para o traballo, habería de considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinala a lexislación administrativa, concretamente o EBEP, que no seu artigo 68.1 sinala:

1.- En caso de extinción da relación de servizos como consecuencia de perda da nacionalidade ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o interesado, unha vez



desaparecida a causa obxetiva que a motivou, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida.

(...)."

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

"Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala".

De acordo co sinalado anteriormente, vistos os informes dos servizos, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de D. Ángel Patricio Rodríguez Argibay, con efectos económicos do día 12 de abril de 2023, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida ao traballador e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº26/2023-B.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 26/2023-B seguido a instancia de D. Luis Antonio Varela Mazón “contra la desestimación por silencio administrativo de la Diputación Provincial de Lugo, de la reclamación patrimonial antes mencionada, por la cantidad de 963,78 euros, importe de los daños sufridos en el vehículo matricula 8200-BLF,...” á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO Nº47/2023-J.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 47/2023-J seguido a instancia de Plus Ultra Seguros Generales y Vida,



S.A. de Seguros y Reaseguros fronte á Deputación “en relación al Expediente sobre Responsabilidad Patrimonial de la administración seguido a instancias de mi mandante frente a la Diputación provincial de Lugo, en relación a reclamacion Patrimonial presentada el 27/12/2021 por siniestro ocurrido el pasado día 28 de diciembre de 2020 por vehículo matricula 6341JTK asegurado por mi representada Plus Ultra en la carretera LU-P-4004, debido a la desestimación de la reclamación patrimonial por silencio administrativo...” á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 218/2022, DE 3 DE XUÑO, DITADA POLA SECCIÓN 3ª DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO T.S.X. DE GALICIA NO PO 7130/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Sentenza nº218/2022, de 3 de xuño, ditada pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no Procedemento Ordinario 7130/2021 seguido a instancia desta entidade fronte á Resolución de data 11 de xaneiro de 2021 da Oficina Española de Patentes y Marcas, cuxo fallo é o seguinte:

“Que debemos desestimar y desestimamos el presente recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de la Diputacion Provincial de Lugo, contra la resolución

impugnada, señalada en el encabezamiento de esta sentencia, y en su virtud la confirmamos por resultar conforme a Derecho, y todo ello con expresa imposición de las costas a la parte recurrente en la cuantía señalada en el último Fundamento Jurídico de esta resolución.”

Vistos os seguintes Decretos ditados pola Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia:

Decreto de 22 de marzo de 2023 en cuxa parte dispositiva acorda aprobar a taxación decustas practicada neste recurso por importe de 750 euros a favor de Oficina Española de Patentes y Marcas e a cuxo pago foi condenada a Deputación.

Decreto de 22 de marzo de 2023 en cuxa parte dispositiva acorda aprobar a taxación de custas practicada neste recurso por importe de 1.181,57 euros a favor de Consejo Regulador de la Denominación de Origen Ribeira Sacra e a cuxo pago foi condenada a Deputación.

Visto que fronte á devandita Sentenza a Deputación presentou escrito de preparación de recurso de casación (R. casación 7743/2022) o cal foi inadmitido a trámite pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo na súa Providencia de data 12 de xaneiro de 2023 sinalando o que segue:

“La Sección Primera de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Supremo acuerda la inadmisión a trámite del recurso de casación n.º 7743/2022 preparado por el letrado de la Diputación Provincial de Lugo contra la sentencia n.º 218/2022, de 3 de junio, dictada por la Sección Tercera de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, por la que se desestima el recurso contencioso-administrativo n.º 7130/2021 interpuesto contra la decisión de la Oficina Española de Patentes y Marcas que, estimando recurso del Consello Regulador da Denominación de Orixe "Ribeira Sacra", le deniega el registro en la clase 33: bebidas alcohólicas, excepto cervezas; preparaciones alcohólicas para elaborar bebidas (todos estos provenientes de la reserva de la biosfera Terras do Miño), en relación a la Marca 4050482 “Reserva da Biosfera Terras do Miño Lugo”.



La inadmisión a trámite se acuerda con arreglo al artículo 90.4.d) LJCA por carencia en el recurso de interés casacional para la formación de jurisprudencia. Se evidencia en el escrito de preparación presentado la mera discrepancia con la conclusión de la Sala de instancia sobre la denegación del registro en la clase 33 por el riesgo de confusión, la posibilidad de evocación o el aprovechamiento de la reputación, sin plantearse cuestión alguna que requiera el ejercicio de la función nomofiláctica propia de este recurso. Desde esta perspectiva, conviene recordar que la presunción prevista en el artículo 88.3.a) LJCA no resulta operativa cuando lo pretendido no es tanto la interpretación del precepto como su aplicación al caso concreto, en un sentido diferente al acordado por la Sala de instancia —vid., por todos, ATS de 10 de junio de 2021 (RCA 7565/2021).

Se imponen las costas procesales a la parte recurrente hasta el límite de mil quinientos euros (1.500 €) a favor del Abogado del Estado por su personación y oposición en el recurso, y de quinientos euros (500 €) a favor del Consejo Regulador de la denominación de origen Ribeira Sacra por su personación en el recurso; en ambos casos por todos los conceptos, más el IVA correspondiente si procediera.”

Vistos, asemade, os seguintes Decretos ditados pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo:

Decreto de 22 de febreiro de 2023 que acorda aprobar a taxación de custas practicada no RCA 7743/2022 que ascende á cantidade de 1.500 euros a favor da Administración do Estado e a cuxo pago foi condenada a Deputación.

Decreto de 3 de marzo de 2023 o cal acorda aprobar a taxación de custas practicada no ditto Recurso de Casación que ascende á cantidade de 403,51 euros a favor do Consejo Regulador de la Denominación de Origen Ribeira Sacra e a cuxo pago foi condenada a Deputación.

Visto o anterior, así como a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento das cantidades antes indicadas comunicada polo Servizo de Intervención, dáse conta á Xunta de Goberno da citada Sentenza e propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que, por un lado, en relación co Procedemento Ordinario 7130/2021, se autorice o aboamento da cantidade de 750 euros a favor da Oficina Española de Patentes y Marcas na conta indicada no devandito Decreto de data 22 de febreiro de 2023 da Sección 3ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia: “En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la Cuenta de Consignaciones Número ES5500493569920005001274 del Banco Santander, debiendo reseñar en concepto 1578-0000-85-7130-21; e a cantidade de 1.181,57 euros a favor de Consejo Regulador de la Denominación de Origen Ribeira Sacra, na conta indicada no citado Decreto de 22 de febreiro: “En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la Cuenta de Consignaciones Número ES5500493569920005001274 del banco Santander, debiendo reseñar en concepto 1578-0000-85-7130-21. “

2º.- E, por outro, en relación co RCA 7743/2022, que se autorice o aboamento da cantidade de 1.500 euros a favor da Administración do Estado na conta indicada no devandito Decreto de data 22 de febreiro da Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo “...cantidad que deberá ser ingresada en la cuenta de Consignaciones de esta Secretaría número 2409-0000-80-7743-22 del Banco de Santander, Sucursal Urbana de la calle Barquillo número 49 de Madrid. En caso de transferencia desde entidad distinta del Banco de Santander, se efectuará a la cuenta ES55-0049-3569-9200-0500-1274 indicando en observaciones la cuenta y procedimiento de destino. “; e a cantidade de 403,51 euros a favor do Consejo Regulador de la Denominación de Origen Ribeira Sacra na conta indicada no Decreto de data 3 de marzo de 2023 da devandita Sección 1ª do Tribunal Supremo “...cantidad que deberá ser ingresada en la cuenta de Consignaciones de esta Secretaría número 2409-0000-80-7743-22 del Banco de Santander, Sucursal Urbana de la calle Barquillo número 49 de Madrid. En caso de transferencia desde entidad distinta del Banco de Santander, se efectuará a la cuenta ES55-0049-3569-9200-0500- 1274 indicando en observaciones la cuenta y procedimiento de destino.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.



18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.